BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MARTES, 14 DE FEBRERO DE 2012 | BOP NÚMERO 31

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADRÓN

Anuncio de licitación para ocupación vía pública con atraccións de feira durante as festas de Pascua 2012

ANUNCIO DE LICITACIÓN DAS LICENZAS DE USO DAS PARCELAS DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS FEIRAIS NO CONCELLO DE PADRÓN CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE PASCUA 2012

Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión realizada o 2 de febreiro de 2012, convocouse procedemento de licitación para o outorgamento das licenzas de uso das parcelas do dominio público municipal municipal situadas no Campo do Souto e Paseo do Espolón tal e como se reflicten nos planos que se unen ao prego de condicións como anexos II a XII, para a instalación de atraccións feirais con motivo da celebración das festas de Pascua 2012.

1. Entidade adxudicataria: Concello de Padrón.

2. Obxecto: autorización para a ocupación do dominio público municipal para a instalación de atraccións de tipo mecánico e eléctricas, tómbolas e xogos de azar, postos de venda de comidas e/ou bebidas, roupa complementos, bisutería, marroquinería, música, artesanía e similares, e maquinaria agricola con motivo da celebración das festas de Pascua 2012.

3. Criterios de adxudicación: oferta económica.

4. Tipo de licitación: o que figura no prego de condicións para cada unha das parcelas que se licitan.

5. Garantía: non se esixe.

6. Obtención documentación: Casa do Concello de Padrón, rúa Longa, número 27, 15900 Padrón, A Coruña, Teléfono 981 81 04 51, Fax 981 81 15 50, enderezo electrónico www.concellodepadron.es.

7. Presentación de ofertas:

a)Prazo: quince días naturais, contados desde a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

b)Documentación a presentar: a sinalada na condición 12 do prego que regula esta licitación.

c)Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Padrón, rúa Longa, número 27, 15900 Padrón, A Coruña.

d)Horario: de 9,00 a 13,00 horas, de luns a sábado.

8. Apertura de proposicións (oferta económica): No lugar, día e hora que sinale no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Padrón con alomenos 24 horas de antelación.

Padrón, 2 de febreiro de 2012

O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira

2012/1506

Número de anuncio 2012/1506